

Estimadas familias do alumnado escolarizado en 6º de EP:

Dámosvos a benvida a un novo curso escolar marcado pola situación sanitaria excepcional que estamos a vivir. Todo está preparado para recibir aos vosos fillos e fillas nas mellores condicións de seguridade, seguindo os protocolos establecidos pola Consellería de Educación e adaptadas ao noso centro.

Na nosa páxina web atoparedes distintos documentos nos que se explican as medidas que se van a implementar no centro para afrontar esta situación. É imprescindible que as leades atentamente e que asinedes a Declaración responsable que atoparedes na web. No caso de que non dispoñades de impresora, atoparedes copias desta declaración nas entradas do colexio. Unha vez asinada a declaración debedes enviála aos titores a través dos vosos fillos e fillas.

O alumnado de 6º EP comezará as clases o vindeiro luns día 14 de setembro ás 9:30 horas. Lembra de que entrarán polo portalón que está situado ao carón do pavillón municipal e saíran pola mesma porta ás 13:45 (6º A polo lateral dereito mirando ao mar e 6ºB polo esquerdo). Agardaredes no peirao, fóra do recinto, ata que vos chamemos. É obrigatorio o uso de máscara e que o alumnado veña acompañado por unha soa persoa, evitando que esta sexa de risco. O horario establecido para o alumnado transportado será o habitual.

A partir do martes día 15 de setembro, cando o alumnado chegue ao centro, entrará directamente polo portalón situado ao carón do pavillón, botando xel hidroalcohólico, e subirá a súa aula seguindo o percorrido establecido no chan (poderá facelo desde as 8.30h ata as 8.45h da mañá).

Para o primeiro día, só necesitarán traer un estoxo e un caderno, agás aqueles alumnos ou alumnas que teñan o seu computador persoal na casa, que deberán de traelo ao centro. O resto de material que pedíramos en xuño irano traendo posteriormente, segundo lles indiquen os titores, lembra de que este curso o material é de uso individual polo que terá que estar debidamente identificado co nome do/a alumno/a. Non poderán compartir os materiais.

Faremos o recreo escalonadamente en espazos diferenciados, para que non se mesturen os grupos de convivencia estable. O alumnado de 6º fará o recreo no patio superior ou no pavillón cando chova de 11:15 a 11:50.

Ata novo aviso non se poden realizar trámites administrativos no centro de maneira presencial. Contades cun correo electrónico ceip.couceiro.freijomil@edu.xunta.es sendo necesario indicar no email o nome do/a alumno/a e o asunto polo que vos poñedes en contacto co centro.

O horario de cada aula será entregado o primeiro día de clase.

Estamos creando un blog para as dúas aulas, do que xa vos iremos informando.

Por último, indicavos que precisamos contar con todos os vosos datos actualizados e que empregaremos Abalarmóbil para enviarvos comunicacións, polo que é necesario que os deades de alta, se é que non o teñades feito o curso pasado.

Moitas grazas pola vosa colaboración!

Os titores

Hipólito Penas García (6ºA) e Alejandra Villanueva Fernández (6ºB)